

Visto o Acordo da Comisión Paritaria polo que se establece a táboa salarial correspondente ao ano 2020 do sector de Hostalaría da provincia de Pontevedra, subscrito en representación da parte económica por unha representación da Federación Provincial de Empresarios de Hostalaría de Pontevedra (FEPROHOS) e da Asociación de Empresarios de Hospedaxe da provincia de Pontevedra (ASEHOSPO), e da parte social polos representantes das centrais sindicais CIG, CC.OO e UGT, en data 13 de febreiro do 2020.

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 02 de marzo do 2020.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

RESOLVE:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

REUNIÓN PARITARIA DO CONVENIO PROVINCIAL DE HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA

Asistentes:

Parte empresarial:

Alvaro Hinrichs Álvarez DNI

Jose Ramón Leal Doval DNI

Jose Manuel Barbosa Suarez DNI

César Sánchez Ballesteros DNI

Parte Social:

María do Tránsito Fernández (CIG) DNI

Jorge Carneiro Penedo (CCOO) DNI

Jose Antonio Boullosa Gómez (UGT) DNI

En Vigo a 13 de febreiro de 2020, senda as 18 horas do día sinalado, reúnase a Comisión Paritaria do Convenio Colectivo de Hostalaría de Pontevedra, para a elaboración das táboas salariais para o ano 2020 que veñen dadas polo IPC do 0,8% do ano 2019.

Nomease a Marcos López Concepción como depositario da acta ante a Consellería de Traballo, sistema Regcon, para facer os trámites necesarios para o rexistro depósito e publicación do texto.

E sen máis asuntos que tratar, se levanta a sesión firmando os/as presentes esta acta en proba de conformidade.

Remata a xunta as 19 horas da tarde do mesmo día.

CATEGORÍA	SALARIO ANO 2020	
Categoría	MENSUAL	ANUAL
1	1.514,80	22.722,07
2	1.401,86	21.027,96
3	1.330,68	19.960,21
4	1.254,77	18.821,48
5	1.174,09	17.611,32
6	1.136,17	17.042,57
7	1.102,90	16.543,57
8	1.064,95	15.974,20
9	1.008,00	15.120,00
10	886,67	13.300,05